

A CARA B | DOMINGO VILLAR ESCRITOR

Por Nacho Mirás Fole | nacho.miras@lavoz.es

«Tosar sería un bo Leo Caldas»

Deulle un pulo á novela negra feita aquí e ten milleiros de seguidores; agora está a pensar novas intrigas para un inspector tremendamente galego

Primeiro foi *Ollos de auga*; despois, *A praia dos afogados*. A novela negra feita en Galicia dá un salto de xigante da man de Domingo Villar Vázquez (Vigo, 1971). O autor está artellando xa o que será unha nova novela, enchendo cadernos, tomandos notas... «levando o libro a pasear por escenarios diferentes mentres non estea aínda no papel», di. E aínda que escribe en Madrid, pensa en Galicia.

—¿Por que todos os inspectores das novelas levan vidas pouco saudables? Fuman, dormen pouco...

—Non sei se todos; é verdade que, nas películas antigas, fumaban, pero tampouco é menos certo que, nos anos 40 e 50, fumaba todo o mundo. O meu policía Leo Caldas fuma, máis que nada, para agochar a timidez detrás do fume. É outro xeito de fumar, un fumador social que, cando quere falar con alguén, busca ese telón intermedio que lle proporciona o tabaco.

—E non hai investigador de novela sen axudador. ¿Tres serían multitude?

—Probablemente, por máis que logo chegues ás comisarías e haxa máis xente traballando. O normal é que os policías acudan aos sitios de dous en dous, en parellas, non é algo que teñamos inventado os escritores.

—Teño un amigo que le moi to que di: «En ocasións, vexo suecos...» ¿Estamos saturados de literatura de Suecia?

—Teño a teoría de que os bos autores suecos venden moitos libros por facer ben o seu oficio, e non por razón de orixe. É verdade que se hai un bum por un autor como Larsson, que ten tres libros de oitocentas páxinas cada un, igual acaba saturando a boa parte dos lectores, pero Larsson non está mal. Como di Lorenzo Silva, Larsson



Villar escribe polas noites e corrixe polas mañás | ÓSCAR VÁZQUEZ

ofrece o que promete, e non é pouco iso en literatura.

—E o mesmo que el tirou do mercado do seu país, con vos pode pasar algo semellante, que coa escusa de Leo Caldas os lectores do mundo redescubran a calidade das intrigas literarias galegas, que hai moitas e moi boas...

—Desde os contos policíacos de Emilia Pardo Bazán a Suso de Toro, Carlos Reigosa, Miguel Anxo Fernández, Daniel Ameixeiras... Unha das grandes novelas policíacas é *A esmorga*, por máis que se poida apartar do canon do xénero. O bo da novela policial é que permite falar de calquera cousa; ten esa avantaxe sobre o resto da literatura. A resolución do caso é unha escusa. Unha vez que a tes, eu conto o que me peta, as

cousas que me preocupan, como a xente de idade, os vellos, aos que non prestamos atención suficiente; como os cambios físicos que se están producindo en Galicia... Podo falar de todo iso mentres se resolve unha trama policial.

—¿Vigo préstase máis ás tramas negras que, por exemplo, Lugo ou Ourense?

—Non. Vigo é un escenario idóneo para as miñas novelas, pero como calquera outro. O importante é saber por onde andas e levar aos personaxes por lugares que resulten verosímiles para o lector. As miñas novelas son novelas policíacas por fóra, pero por dentro son contos de amor a unha terra, a unha cidade, a un xeito de mirar o mundo, á xente do mar, aos que fan viño...

—Cónstame que xa hai quen fai turismo literario polos sitios onde transcorren os seus libros, os arredores de Vigo, Panxón...

—Non está mal. Se nestes tempos de dificultade podes botar unha man á xente da terra... Ao Eligio [a taberna que adoita visitar Leo Caldas nas novelas] ten ido xente de moitos sitios.

—¿Escribe por arroutadas ou procura ser constante?

—Procuo escribir todos os días sabendo que, a meirande parte dos días, o traballo non vale.

—¿A man, a máquina...?

—A ordenador. Pero tomo notas constantemente, a man, en caderniños, con cousas que serven e con cousas que non.

—¿Colleu tics de escritor?

—Non. Teño dous fillos pequenos, así que escribo mellor polas noites e polas mañás corrixo. Logo vou buscar aos nenos á escola e estou con eles ata que se deitan. ¿Tics? Bueno, si escribín o meu primeiro libro coa música de Waldo Martínez, un contraibxista de Ferrol. Si que me gusta escribir nos mesmos sitios e son un pouco maniático cos teclados que conecto ao ordenador. Pero non escribo bebendo nin nada [rí].

—¿Qué lle parecería unha adaptación ao cine? Houbo un intento que non chegou a materializarse...

—Se van facer unha cousa que estea moi ben, con certas garantías, adiante. Se non, dáme un pouco de medo. Pode ser unha gran axuda para dar a coñecer un personaxe, pero tamén o poden estragar, e os personaxes van convivir comigo moitos anos.

—¿Que actor daría un bo Leo Caldas nunha adaptación cinematográfica?

—Se tivera que coller un galego e podo tirar para arriba... Tosar sería un bo Leo Caldas.

KIA
KIA MOTORS
The Power to Surprise



Nuevo Kia cee'd.
LA CONFIANZA Y

- Fabricado en Europa
- 5 estrelas
- Bluetooth
- Sistema ISG (Intelligent)
- Sensores de luces, lluvia y aparcamiento
- Y con la confianza que te dan

SÓLO KIA TE DA 7 AÑOS DE GARANTÍA DE P
EN TODOS SUS MO

www.kia.es

PRK KIA 2010 1.4 CVT Conquer (incluido impuestos, transporte, acción promocional y Plan 2006). Consultar condiciones del Plan 2006 e incentivos disponibles en la comunidad autónoma de Galicia. Oferta limitada para vehículos en stock hasta el 31/12/2010. Sin IVA.

CORGAL AUTOMÓVILES S.L.

• Polígono Industrial A Grela Bens - C/ Gutemberg, D - 15008 A Coruña - Tel: 981 145 567
• Avda. del Mar s/n - Polígono de Gandara - 15578 Narón (Ferrol) - Tel: 981 397 410 • Avda. de Malpica, 85 - 15100 Carballo